



MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN 2/2013 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 14 DE XUÑO, SOBRE O FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2013-2014

En cumprimento do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o 14 de xuño de 2013 a Secretaría Xeral Técnica desta consellería ditou a Instrución 2/2013 que establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso escolar 2013-2014, dos comedores escolares de xestión indirecta dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensino obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil.

O cuarto parágrafo do punto 3.1 da dita instrución determina que *“non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 3.2.4 desta Instrución...”*

Porén, esta manifestación xenérica resulta errónea, posto que do dito hai que excepciónar ás unidades familiares de renda inferior a 7.000 €, as cales terán para acadar a condición de gratuidade que autodeclarar a circunstancia económica exposta e autorizar a comprobación telemática dos seus datos tributarios, ou, no caso de non autorizar, aportar a documentación relativa á declaración do IRPF do 2012 esixida na Instrución.

Por outra parte, a fin de que os centros poidan dar resposta ás posibles dúbidas que xurdan entre as familias á hora de cubrir as autodeclaracións de prezos públicos, convén engadir, no primeiro parágrafo do punto 3.2.5, a explicación concreta do concepto de unidade familiar definido no imposto da renda das persoas físicas.

De acordo con todo a anterior, RESOLVO:

Primeiro- Modificar o terceiro parágrafo do punto 3.1 da Instrución 1/2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 14 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2013-2014, que queda redactado como segue:

“Non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 3.2.4 desta Instrución, agás no caso dos alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

As unidades familiares incluídas neste último suposto terán que cumprimentar e presentar no centro a autodeclaración, autorizando expresamente a comprobación telemática dos datos manifestados, ou, no caso de non autorizala, aportando o documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2012.

As unidades familiares que se atopen nos restantes supostos previstos no punto 3.2.4 da Instrución soamente terán que presentar nos centros a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade, referidas no citado punto.”

Segundo- Engadir no primeiro parágrafo do punto 3.2.5 da Instrución 1/2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 14 de



xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2013-2014, o seguinte:

“Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, si os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.**
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**

Hai que ter en conta que a maioría dei dade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.**
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.**
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, si un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.**
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”**

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2013

O Secretario Xeral Técnico

Jesús Oitavén Barcala